

Concha Blanco gañou o premio Arume de poesía da Fundación Neira Vilas, que se entrega hoxe

La Voz

LALÍN | A escritora Concha Blanco, de Cee, gañou a nova edición do premio Arume de poesía para nenos, organizada pola Fundación Neira Vilas de Gres coa obra titulada *Cantos da rula*.

A entrega do galardón será hoxe domingo, día 2 de decembro, a partir das cinco da tarde, e estará presidido polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará.

O xurado valorou da obra premiada que a autora recrea poéticamente, con versos axeitados para a comunicación cos cativos, a natureza circundante, poboada de paxaros, insectos, árbores, o sol, a lúa...

Ademais, fala do tren e da paz, así como dos necesarios soños

e a xeografía. Destacan tamén as palabras de ritmo preciso e léxico axeitado de cara a lector infantil.

Concha Blanco recibirá 1.000 euros en metálico e o seu poemario será publicado por Edicións do Castro. A esta edición do premio da Fundación Neira Vilas presentáronse un total de 21 orixinais. No acto de entrega deste domingo, con entrada libre, actuará o dúo Seixo, de violín e zanfona.

Concha Blanco, profesora de ensino secundario, é a escritora máis prolífica da Costa da Morte e incluso na narración infantil e xuvenil de Galicia, pero non só diso. Recentemente, en xullo, gañou o sétimo Premio de Novela por Entregas de La Voz.